
CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	6
<i>Prácticas remuneradas</i>	6
<i>Emprego</i>	6
<i>Financiamento</i>	7
Participación dos cidadáns	10
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	10
Actos xurídicos	11
<i>Actos lexislativos</i>	11
<i>Outros actos</i>	11
Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE	12
Procesos por infracción contra España	13
Estatísticas do Eurostat	14
<i>Indicadores económicos</i>	14
<i>Outros datos</i>	14
Publicacións do Tribunal de Contas da UE	16
Sondaxes do Eurobarómetro	17
Suxestións bibliográficas	18
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	18
<i>Outras obras</i>	19

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra Carballido.

ACTUALIDADE

Guerra comercial cos EUA

A Comisión Europea anunciou un litixio na Organización Mundial do Comercio contra os EUA polas súas tarifas universais, que Washington denomina «recíprocas», e as que impuxo a automóbiles e a pezas de automóbiles. En paralelo, a Comisión abriu unha consulta pública sobre unha nova lista de produtos industriais e agrícolas estadounidenses, por valor de 95.000 millóns de euros, aos que podería impor tarifas como contramedida se as actuais negociacións comerciais con Washington fracasaren. A lista inclúe artigos agrícolas e industriais, do bourbon e a soia até os avións, pasando por maquinaria de todo tipo, instrumentos musicais, brinquedos e material deportivo. • Posteriormente, o presidente dos EUA, Donald Trump, manifestou a súa frustración co ritmo das negociacións coa UE e ameazou aumentar a tarifa xeral ao bloque comunitario — inicialmente fixada en 20 %, despois en 10 % — a 50 % a partir de 1 de xuño. Finalmente, aceptou prolongar as negociacións até 9 de xullo.

Máis información sobre o litixio e a consulta da Comisión [no Politico](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) e [no EuroEFE](#).

Máis información sobre a resposta de Donald Trump [na BBC](#) e [no Politico](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) en [no Euractiv](#).

Relacións co Reino Unido

António Costa, presidente do Consello Europeo, e Ursula von der Leyen, presidenta da Comisión Europea, reuníronse en Londres con Keir Starmer, primeiro ministro do Reino Unido, por ocasión do primeiro cume UE-Reino Unido desde a saída do Reino Unido da UE. A conferencia constituíu unha oportunidade para demostrar unha posición común en prol da paz e da seguranza en Europa, e para establecer unha nova parcería estratéxica. Entre os acordos atinxidos figura un acordo político que estende o acceso recíproco ás augas territoriais até 2038, ou sexa, 12 anos máis, ampliando o que foi establecido no Acordo de Saída para o *brexit*. Outros compromisos adquiridos inclúen o de negociar un novo pacto específico para o intercambio de persoas mozas, que lles facilitaría viaxar, estudar, traballar e facer voluntariados; negociar un novo acordo sanitario e fitosanitario que permita eliminar a maioría dos certificados e controis no comercio de produtos agroalimentarios entre a UE e Gran Bretaña. Non se chegou a ningún acordo sobre Xibraltar.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Comunicado de prensa cos documentos oficiais resultantes da reunión [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información [na BBC](#), [no The Guardian](#), [no Politico](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés), [no Euractiv](#) e [no EuroEFE](#).

Sancións contra Rusia

Os ministros dos estados membros, reunidos no Consello da UE, aprobaron máis sancións contra Rusia pola invasión da Ucraína, considerando que Moscova aínda non quere a paz. O 17.º paquete de sancións contra Rusia desde o inicio da guerra ten como albo, unha vez máis, os navíos da chamada «flota fantasma», que axudan secretamente a contornar as restricións ao petróleo ruso. O

Consello aprobou tamén sancións non relacionadas coa guerra na Ucraína, que procuran castigar a represión da oposición en Rusia, a desestabilización de estados europeos ou veciños e o uso de armas químicas. A alta representante da UE para as Relacións Externas e a Política Externa e de Seguranza Común, a estoniana Kaja Kallas, afirmou que están a ser discutidas aínda máis sancións, posiblemente no sector enerxético, pois non hai alternativa senón continuar coa presión sobre Rusia.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no EuroEFE](#).

Tarifas ás importación agrícolas da Ucraína

Os estados da UE acordaron aplicación, novamente, das cotas en vigor antes da guerra ás importacións agrícolas de Kiev. Iso significa que non se prolongan as Medidas Autónomas de Comercio que desde 2022 permiten á Ucraína exportar produtos agrícolas sen tarifas; a decisión serve como medida temporal en canto as negociacións proseguen sobre un marco comercial a longo prazo.

Comunicado de prensa [no Euractiv](#).

Importacións de polo do Brasil

A Comisión confirmou que a carne de polo do Brasil xa non ten permitida a entrada na UE, após o aparecemento de gripe aviaria nunha explotación comercial do país suramericano. No entanto, Bruxelas non descarta flexibilizar as restricións no futuro.

Máis información [no Euractiv](#).

Empréstimos para a compra de equipamento militar

Os gobernos da UE aprobaron mobilizar 150.000 millóns de euros en novas emisións de débeda para compras conxuntas de equipamento militar a través de empréstimos concedidos aos estados membros. Xuntamente coa flexibilización das regras orzamentarias, que permitirá aos gobernos gastar 1,5 % máis do PIB en catro anos sen se exporen a déficits excesivos, o acordo para o novo instrumento financeiro materializa un dos piares da estratexia da Comisión para reforzar a defensa do bloque. O instrumento, denominado SAFE (polas siglas en inglés do Instrumento de Acción para a Seguranza de Europa), será financiado a través dunha emisión conxunta de débeda garantida pola UE. A formulación final afasta a posibilidade de, polo menos, parte dos fondos ser trasladada como subvencións en vez de empréstimos.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información [no EuroEFE](#).

Axuda humanitaria

A Comisión Europea anunciou no Foro Humanitario Europeo un compromiso humanitario inicial de máis de 2.300 millóns de euros para 2025, a fin de facer fronte a crises mundiais urxentes. Estas inclúen o impacto humanitario da agresión de Rusia contra a Ucraína, a situación humanitaria en todo o Medio Oriente, en especial en Gaza, e a escalada da crise no Sudán.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Estratexia do Mercado Único

Co fin de crear un mercado interno máis simple e sólido, a Comisión Europea elaborou unha nova estratexia para simplificar as normas e reducir a burocracia. As novas medidas aspiran a xerar oportunidades de crecemento para as empresas e brindar unha maior protección a todos os consumidores. A estratexia pon o acento na necesidade de potenciar o sector dos servizos, comezando polos da construción, os correos e as telecomunicacións. O executivo comunitario, alén diso, que-re facilitar o recoñecemento das profesións reguladas entre os estados, axilizar a adopción de estándares comúns para produtos, e dixitalizar a información e a etiquetaxe que os vendedores proporcionan aos consumidores.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Máis información [no *Político*](#) (en inglés) e [no *EuroEFE*](#).

Loita contra a deforestación

A Comisión presentou a lista de estados, clasificados segundo o nivel de risco que presentan (alto, normal ou baixo), prevista no regulamento da UE contra a deforestación. A categoría determina o rigor dos estándares de dilixencia debida para as empresas que importan produtos agroalimentarios esenciais, incluíndo cacao, café, soia, aceite de palma e carne de bovino. A categoría de «baixo risco» inclúe estados como os EUA, a China, Australia e o Canadá. Os estados que reciben o rótulo de «alto risco» son Bielorrusia, Myanmar, Corea do Norte e Rusia. Os restantes están na categoría de «risco normal».

Máis información [no *Euractiv*](#).

Financiamento para a investigación

A UE está tenta consolidar a súa posición como líder global en investigación. Novas convocatorias ao abrigo das Accións Marie Skłodowska-Curie (MSCA), cun valor de máis de 1.250 millóns de euros en 2025, apoiarán o desenvolvemento de talentos na área da investigación, no fomento da colaboración internacional e na conexión entre a ciencia e a sociedade. A Comisión dedicará 597,8 millóns de euros a carreiras de investigación no ámbito das Redes de Doutoramento das Accións Marie Skłodowska-Curie, que axudarán a recrutar e a formar doutorandos no ámbito académico e noutros campos. A Comisión tamén vai lanzar o proxecto piloto «Escoller Europa para a Ciencia», co obxectivo de reforzar as carreiras de investigación na UE, financiando programas de posdoutoramento que van alén do traballo baseado en proxectos. O albo é atraer talento de todo o mundo, incluíndo dos EUA.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información [no *EuroEFE*](#) e [no *Euractiv*](#).

Financiamento para a produción de hidróxeno

A Comisión anunciou 15 proxectos de produción de hidróxeno renovable seleccionados para financiamento público no Espazo Económico Europeo (EEE). Espérase que os proxectos, localizados en cinco países, produzan case 2,2 millóns de toneladas de hidróxeno renovable ao longo de dez anos, evitando máis de 15 millóns de toneladas de emisións de CO₂. A produción de hidróxeno terá lugar en sectores como os transportes, a industria química e a produción de metanol e amoníaco. Estes proxectos recibirán un total de 992 millóns de euros de financiamento da UE

proveniente do Fondo de Innovación, no ámbito do Sistema de Comercio de Licenzas de Emisión (RCLE) da UE.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Plataforma Europea de Vacinas

Para reforzar a prontitude e a capacidade de resposta da UE en relación ás vacinas en tempos de pandemia, foi inaugurado en Siena o Centro Europeo de Vacinas (EHV). A iniciativa consiste en accións chave que, entre outras, aspiran a acelerar o desenvolvemento de vacinas para menos de catro meses a partir da identificación da secuencia xenómica dun axente patóxico. O centro reunirá investimentos en investigación e desenvolvemento de vacinas financiados a nivel dos estados e a nivel da UE. O centro estará composto por un consorcio de organizacións europeas líderes no desenvolvemento de vacinas e en programas estatais de preparación contra as pandemias.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Polución da industria do automóbil

A UE aprobou dar aos fabricantes de automóviles dos estados membros máis flexibilidade para reducir as emisións de CO₂ dos automóviles e camionetas. Os 27 estados membros, reunidos no Consello, adoptaron hoxe unha alteración específica ao Regulamento relativo ás normas de CO₂ para os novos automóviles de pasaxeiros e camionetas, que — perante a presión exercida polos EUA e a China sobre a industria automóbil — pretende dar aos fabricantes de automóviles a flexibilidade necesaria para cumpriren as súas metas de emisións durante os próximos tres anos. O regulamento alterado entrará en vigor vinte días após a súa publicación no Diario Oficial da UE.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#) (en inglés).

Máis información [no EuroEFE](#).

Novas normas para os aparellos eléctricos

Entraron en vigor as regras revistas da UE relativas ao consumo de enerxía dos aparellos eléctricos en estado de espera, de desactivación e de espera en rede. Formalmente adoptadas en abril de 2023, as novas regras de deseño ecolóxico inclúen límites actualizados para os produtos eléctricos en modo de espera.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Acceso a documentos da Comisión

O Tribunal Xeral (de primeira instancia) da UE anulou a decisión da Comisión que negou a unha xornalista do xornal *The New York Times* o acceso ás mensaxes de texto trocadas entre a presidente da Comisión, Ursula von der Leyen, e o director executivo da Pfizer, Albert Bourla. Os partidos da oposición no Parlamento da UE recibiron con satisfacción a sentenza, que aínda pode ser recorrida pola Comisión. Integrantes do Partido Popular Europeo recoñeceron que a resolución dana a imaxe do executivo comunitario.

Comunicado de prensa [no sitio do Tribunal de Xustiza da UE](#).

Máis información [no The Guardian](#), [no Politico](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) e [no Euractiv](#).

Consulta pública sobre a vivenda

A Comisión está a recoller opinións de cidadáns, empresas, autoridades públicas, sociedade civil e outras partes interesadas da UE sobre a vivenda, a fin de contribuír ao desenvolvemento do Plano Europeo para a Vivenda Accesible e dar resposta á crise habitacional que afecta millóns de persoas en toda a UE. A Comisión recollerá estas opinións a través dun convite á presentación de datos.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Páxina web da [recolla de opinións no sitio da Comisión](#).

Máis información [no EuroEFE](#).

OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

Prácticas remuneradas

- Para estudantes de ciencias, a través de [Euraxess](#) (buscando *traineeship* e *trainee*). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación](#) (Joint Research Centre, JRC). Varios prazos.
- [Banco Central Europeo \(BCE\)](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.
- [Banco Europeo de Investimento \(BEI\)](#) e [Fondo Europeo de Investimento](#). Varios prazos.
- [Parlamento Europeo](#). Prazo até 31 de maio.
- [Tribunal de Contas da UE](#). Prazo até 31 de maio.

Emprego

- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado \(CAST permanente\)](#). Sen prazo.
- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal na Comisión](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal en diferentes institucións e organismos da UE](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal en axencias da UE](#). Varios prazos.
- [Outros procesos de selección da EPSO](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores financiados polas accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores no Centro Común de Investigación da Comisión \(Joint Research Centre, JRC\)](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores científicos ofrecidos por Euraxess](#). Varios prazos.
- [Banco Central Europeo \(BCE\)](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.

Financiamento

Investigación e innovación

- [Asociacións de Saúde 2025](#). Prazo até 3 de xuño.
- [Alfabetización oceánica das comunidades escolares](#). Prazo até 17 de xuño.
- [Faro europeo para unha IA fiable e ecolóxica](#). Prazo até 17 de xuño.
- [Campións da Igualdade de Xénero](#). Prazo até 18 de xuño.
- [Axudas a proxectos Europa Excelencia](#). Prazo até 26 de xuño.
- [StandICT.eu 2026](#). Prazo até 1 de xullo.
- [PEDvolution](#). Prazo até 1 de xullo.
- [Startups MVP+ en Automoción e Fintech](#). Prazo até 6 de xullo.
- [Co-desenvolvemento de rexións resilientes ao clima en Europa](#). Prazo até 15 de xullo.
- [Iniciativas locais de codificación #Code4Europe](#). Prazo até 15 de xullo.
- [Convocatoria aberta AIRISE #05](#). Prazo até 15 de xullo.
- [Uso de tecnoloxías dixitais en explotacións agrarias](#). Prazo até 15 de xullo.
- [Horizonte Europa. Saúde \(Fase única – 2025\)](#). Prazo até 16 de setembro.
- [Abordaxes innovadoras do patrimonio cultural inmaterial](#). Prazo até 16 de setembro.
- [Diferenzas de xénero nas traxectorias profesionais dos padres](#). Prazo até 16 de setembro.
- [Melloramento do sistema europeo de I+D+i](#). Prazo até 18 de setembro.
- [Bolsas MSCA4Ucráina 2025](#). Prazo até 18 de setembro.
- [INDUSTRIA](#). Prazo até 23 de setembro.
- [Industria en dúas fases](#). Prazo até 23 de setembro.
- [SPACE-HADEA](#). Prazo até 25 de setembro.
- [Asociación Europea de Medicina Personalizada](#). Prazo até 29 de setembro.
- [Vales rexionais de innovación](#). Prazo até 15 de outubro.
- [Ecosistemas de innovación interconectados](#). Prazo até 15 de outubro.

Relacións externas

- [Dereitos humanos e desenvolvemento sustentable](#). Prazo até 4 de xuño.
- [Organizacións da sociedade civil en Guiné-Bissau](#). Prazo até 10 de xuño.
- [Dereitos Humanos e Democracia na China 2025](#). Prazo até 23 de xuño.

- [Inclusión financeira en Marrocos](#). Prazo até 24 de xuño.
- [Programas de protección social en Nixeria](#). Prazo até 1 de xullo.
- [Educación e saúde en Eritrea](#). Prazo até 3 de xullo.
- [Desenvolvemento rexional sustentable en Alxeria](#). Prazo até 6 de xullo.
- [Seguranza alimentaria na Costa do Marfil](#). Prazo até 17 de xullo.

Cidadáns

- [IMPACT4VALUES 2.0](#). Prazo até 26 de xuño.

Sociedade dixital

- [Subvencións para proxectos locais de codificación #Code4Europe](#). Prazo até 26 de xuño.
- [Apoio ás actividades da CodeWeek #Code4Europe](#). Prazo até 26 de xuño.
- [Semana Europea do Código #Code4Europe](#). Prazo até 29 de xuño.
- [Microfinanciamento para proxectos de codificación e programación #Code4Europe](#). Prazo até 29 de xuño.
- [Subvencións para proxectos de codificación #Code4Europe](#). Prazo até 1 de xullo.
- [Code4Spain](#). Prazo até 2 de xullo.
- [Competencias dixitais dos alumnos mozos #Code4Europe](#). Prazo até 13 de xullo.
- [Semana do Código 2025 #Code4Europe](#). Prazo até 15 de xullo.

Institucións, organismos e axencias da UE

- [Convocatoria Europe Direct España](#). Prazo até 1 de xullo.
- [Avaliación de riscos fitosanitarios](#). Prazo até 23 de xullo.

Ambiente, enerxía e clima

- [Natureza Estratéxica e Proyectos Integrados LIFE](#). Prazo até 4 de setembro.
- [Economía Circular e Calidade de Vida](#). Prazo até 23 de setembro.
- [Natureza e Biodiversidade](#). Prazo até 23 de setembro.
- [LIFE Acción polo Clima](#). Prazo até 23 de setembro.
- [Prioridades lexislativas e políticas ad hoc LIFE](#). Prazo até 23 de setembro.
- [Asistencia Técnica LIFE](#). Prazo até 23 de setembro.
- [Transición para unha enerxía limpa](#). Prazo até 23 de setembro.

Mercado único e concorrència

- [Programa de inquéritos de conxuntura](#). Prazo até 24 de setembro.

Política rexional e de cohesión

- Innovación Interrexional 2025. Prazo até 25 de setembro.

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

- Proxectos transnacionais xustiza en liña, dereitos das vítimas e procesuais. Prazo até 2 de outubro.

PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

Máis información sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

Consultas públicas aos cidadáns

Asuntos sociais

- [Plano europeo de vivenda accesible](#). Prazo até 4 de xuño.

Mercado único e concorrència

- [Regulamento sobre os produtos cosméticos: Avaliación](#). Prazo até 28 de xullo.
- [Directrices sobre concentracións: Revisión](#). Prazo até 3 de setembro.

Enerxía

- [«European grid package»](#). Prazo até 5 de agosto.

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

- [Estratexia para a Igualdade de Xénero 2026-2030](#). Prazo até 11 de agosto.

Consumo

- [Axenda do Consumidor 2025-2030 e plano de acción para os consumidores no mercado único](#). Prazo até 11 de agosto.

ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos considerados máis relevantes.

Actos legislativos

- Regulamento (UE) 2025/932 do Consello, de 20 de maio de 2025, relativo a medidas restritivas motivadas por accións de Rusia que desestabilizan a situación na Ucraína.
- Regulamento (UE) 2025/964 do Consello, de 20 de maio de 2025, relativo a medidas restritivas tendo en conta as actividades desestabilizadoras de Rusia.

Outros actos

- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS O mercado único: O noso mercado interno europeo nun mundo incerto. Unha estratexia para tornar o mercado único simple, uniforme e forte.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Guión para o fin das importacións de enerxía de Rusia.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO Horizonte Europa: A investigación e a innovación no centro da competitividade.
- RELATORIO DA COMISIÓN sobre a aplicación en 2024 do Regulamento (CE) n.º 1049/2001, relativo ao acceso do público aos documentos do Parlamento Europeo, do Consello e da Comisión.
- RELATORIO DA COMISIÓN AO CONSELLO Relatorio sobre o capítulo III do Regulamento (UE) 2022/1854 do Consello, de 6 de outubro de 2022, relativo a unha intervención de emerxencia para facer fronte aos elevados prezos da enerxía Contribución solidaria e medidas equivalentes promulgadas: Balance.
- RELATORIO DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS sobre a aplicación das estratexias macrorregionais da UE.
- RELATORIO DA COMISIÓN Ao PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Relatorio sobre a Política da Concorrenza 2024.

SENTENZAS DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE

Selección das sentenzas, autos e ditames considerados máis relevantes.

Agricultura

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-386/23](#), resolveu que a publicidade a través de alegacións de saúde relativas a sustancias botánicas está actualmente prohibida. Esta prohibición de principio aplícase até que a Comisión conclúa o exame desas alegacións e as teña inscrito nas listas de alegacións de saúde permitidas, a menos que a súa utilización xa sexa admitida ao abrigo dun réxime transitorio.

[Resumo da sentenza.](#)

Sancións contra Rusia

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-246/24](#), resolveu que a prohibición de exportar para Rusia billetes denominados en euros ou noutra moeda oficial dun estado membro tamén se aplica cando o diñeiro se destine a financiar tratamentos médicos. Só poden ser transportadas as cuantías necesarias para financiar gastos de viaxe e de estada.

[Resumo da sentenza.](#)

PROCESOS POR INFRACCIÓN CONTRA ESPAÑA

Sociedade dixital

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España por non notificar a plena transposición da Directiva SRI 2 [[Directiva \(UE\) 2022/2555](#)]. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

A Comisión Europea decidiu levar España perante o TXUE [INFR(2024)2165] por non facultar un coordinador nacional de Servizos Dixitais ao abrigo do Regulamento dos Servizos Dixitais [[Regulamento \(UE\) 2022/2065](#)]. Para máis información, pódese consultar [o comunicado de prensa correspondente](#)

Enerxía e clima

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2024)0051] por non traspasar adecuadamente ao seu dereito a [Directiva \(UE\) 2023/959](#), sobre o réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro da UE. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2024)0050] por non traspasar adecuadamente ao seu dereito a [Directiva \(UE\) 2023/958](#), sobre as normas revistas do aplicables ao sector da aviación. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Todas as estatísticas son en inglés.

Indicadores económicos

- Produción na construción.
- Inflación anual na eurozona.
- Superávit do comercio internacional de mercadorías na eurozona.
- Produción industrial.
- PIB e emprego na eurozona.
- Produción de servizos.
- Volume de comercio retalista.
- Prezos da produción industrial.
- Desemprego na eurozona.
- Consumo familiar real per cápita.

Outros datos

- Desemprego na UE.
- Pensións por discapacidade.
- Aplicación das leis de inmigración.
- Automóbiles de pasaxeiros per cápita.
- Estatísticas chave.
- Demografía.
- Peticións de asilo.
- Persoas mozas que nin estudan nin traballan.
- Bancarrotas e rexistros de empresas.
- Emisións de gases de efecto invernadoiro nas actividades económicas.
- Reunións de empresa en liña.
- Horas de traballo efectivas.
- Comercio de produtos agrícolas.
- Vendas de pesticidas.

- Protección temporal.
- Datos xerais sobre a UE.
- Recepción de persoas extracomunitarias altamente cualificadas.
- Impacto económico dos grupos multinacionais.
- Comercio de mercadorías coa Ucraína.
- Prezos do gas para as familias.
- Prezos da electricidades para as familias.
- Exportacións de servizos de transporte.
- Number of prisoners increased by 3.2 % in 2023
- Número de persoas presas.
- Persoas empregadas que traballan nos fins de semana.
- Persoas en risco de pobreza ou exclusión social.
- Grupos multinacionais na UE e na AELC.
- Dixitalización na UE.
- Mortes na estrada.
- Exportación de bebidas alcohólicas.
- Accidentes de traballo.

PUBLICACIÓNS DO TRIBUNAL DE CONTAS DA UE

- Relatorio Especial 14/2025: Desenvolvemento de pensións complementarias na UE.
- Documento de análise 02/2025: Orientación para o desempeño, prestación de contas e transparencia – ensinamentos a tirar das insuficiencias do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Ditame 02/2025.

SONDAXES DO EUROBARÓMETRO

Actitudes dos europeos en relación á cultura

O Eurobarómetro Especial n.º 562 servirá de base ás próximas fases preparatorias das Orientacións para a Cultura na UE, o futuro cadro estratéxico da Comisión para a política cultural da UE. Mostra que 87 % das persoas consultadas concordan que a cultura e o intercambio cultural deben ter un lugar moi importante na UE. Alén diso, 86 % afirman que o patrimonio cultural é importante para a UE. 88 % dos cidadáns afirman que a liberdade artística é importante para eles e 77 % consideran que os artistas poden expresar libremente as súas ideas e opinións. 49 % das persoas indicaron participar en actividades artísticas nos 12 meses anteriores, só ou como parte dun grupo (+12 p.p. en comparación con 2013). 73 % dos cidadáns están preocupados co feito do aumento da IA (Intelixencia Artificial) xenerativa poder ter un impacto no emprego ou nos rendementos dos artistas. Ao mesmo tempo, menos de 48 % din que conseguen distinguir entre unha obra de arte de IA e unha creada por un ser humano. Os cidadáns consideran que o seu estado e a UE deben colaborar máis estreitamente en cuestións de política cultural; as tres principais prioridades son tornar as artes máis accesibles, protexer os sitios do patrimonio cultural durante as guerras, as catástrofes naturais ou as alteracións climáticas, e asegurar que os artistas e os traballadores da cultura teñen unha remuneración xusta e boas condicións de traballo.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Berlaymont, Johannes de. 2024. *Working for the EU: How to Get In*. 2.^a edición revista. Londres: John Harper Publishing.

Este libro é unha lectura imprescindible para quen quixer saber máis sobre as varias formas de comezar e despois construír unha carreira na administración pública da UE. A nova edición foi totalmente actualizada para ter en conta desenvolvementos recentes como o novo formato de 2024 das oposicións EPSO, a maior dispoñibilidade de concursos internos, e tendencias importantes nos tipos de empregos e percorridos de carreira dispoñibles. A obra explica: a vasta gama de posicións nas institucións e axencias da UE, en Bruxelas, Luxemburgo e (cada vez máis) noutros lugares; os moitos tipos, vantaxes e desvantaxes dos cargos permanentes e temporais; como os cargos temporais poden tornarse trampolíns para empregos permanentes ou de moi longo prazo; a diferenza crucial entre ser seleccionado e ser recrutado — e como o recrutamento realmente funciona; as alternativas pouco coñecidas para aprobar unha oposición aberta; o valor das prácticas; a importancia crucial de «estar alí» e construír as súas redes; por que e como pensar estratexicamente, mantendo aberto o maior número posible de opcións.

Ho-Dac, Marion, e Cécile Pellegrini, eds. 2023. *Governance of Artificial Intelligence in the European Union: What Place for Consumer Protection?* Bruxelas: Bruylant.

Os consumidores están cada vez máis expostos á Intelixencia Artificial (IA) no seu día a día, sexa a través das súas propias accións ou a través de terceiros que os someten á IA (por exemplo, a través de dispositivos conectados ou aplicacións dixitais). Neste contexto, xorde unha gran tensión entre, por un lado, as contribucións tecnolóxicas da IA que sustentan o comportamento dos consumidores e, por outro lado, a protección do consumidor, principalmente debido aos riscos que a IA representa. Neste contexto, este traballo colectivo explora a interacción entre a gobernanza da IA e a protección do consumidor nunha perspectiva de mercado da UE. Neste sentido, a análise da gobernanza europea actual e futura serve para avaliar a capacidade de encarar os varios ofrecidos pola IA. O libro explora camiños normativos — da lei rixida á normalización — e outras ferramentas de monitorización e supervisión — entre elas a ética — que poderán conducir progresivamente a unha gobernanza xusta, abrangente e equilibrada da IA na UE.

Oleart, Alvaro. 2023. *Democracy Without Politics in EU Citizen Participation: From European Demoi to Decolonial Multitude*. Cham: Palgrave Macmillan. <https://doi.org/10.1007/978-3-031-38583-4>.

De que maneira a(s) comprensión(s) dominante(s) do suxeito democrático na UE, e da democracia en xeral, moldean as innovacións democráticas da UE en materia de «participación cidadá»? Cales son as alternativas política e normativamente preferibles, quer en termos da conceptualización do suxeito democrático na UE, quer nas prácticas políticas de aí resultantes? O libro aborda estas cuestións contrastando a abordaxe da «democracia sen política» da UE no contexto da Conferencia sobre o Futuro da Europa coa dos procesos activistas transnacionais en curso. O libro presenta un diagnóstico dos debates actuais sobre a lexitimidade democrática da UE, e propón unha alternativa.

Outras obras

Eckert, Detlef. 2024. *40 Years of European Digital Policies: Forgotten Lessons*. Cham: Springer Nature. <https://doi.org/10.1007/978-3-031-61641-9>.

Escrito por un funcionario especializado da Comisión Europea con máis de 30 anos de experiencia, este libro convida a embarcar nunha viaxe pola evolución dixital da UE. Presentando a lóxica por detrás das principais decisións políticas, o autor revela a dinámica que moldea o panorama dixital comunitario. Desde os momentos cruciais até os avances tecnolóxicos, o libro ilustra como o proceso de integración comunitaria ten posibilitado que os decisores políticos influían nos resultados. Comprender esta interacción entre tecnoloxía e política é crucial para comprender as complexidades da formulación de políticas dixitais.

Helwig, Niklas. 2024. *The EU High Representative: Foreign Policy Leadership in a Changing World*. Cham: Springer Nature. <https://doi.org/10.1007/978-3-031-74611-6>.

Este libro ofrece unha análise e comparación abranguentes de todas as altas representantes/vicepresidentas da Comisión (ARVP) da UE até 2024. O libro explora a forma como tres titulares con orixes, formas de traballo e personalidades moi distintas aceptaron o desafío de formular as respostas da UE ás crecentes crises internacionais, inestabilidades rexionais, desastres humanitarios e, eventualmente, guerras. A investigación esclarece o liderado da política externa durante un período en que a UE tivo de se adaptar a un ambiente internacional en rápida mudanza. Con base nun gran conxunto de entrevistas con especialistas, o libro defende que o liderado e o desempeño da ARVP son importantes e poden ter un impacto positivo nas actividades internacionais da UE. Á medida que a xeopolítica atravesa un renacemento, as futuras ARVP precisan implicar os estados-membros poderosos e os participantes chave en Bruxelas para liberar todo o potencial do peso económico, político e militar da UE.

Martinez Navarro, Martin. 2025. *Le Médiateur européen*. Bruxelas: Bruylant.

A Valedora (*Ombudsman*) da UE investiga queixas de má administración contra institucións e organismos da UE. Estas queixas poden ser presentadas por cidadáns ou residentes de estados membros, ou por asociacións ou empresas establecidas na UE. Nos últimos 30 anos, o impacto do traballo da *Ombudsman* no funcionamento das institucións da UE ten sido significativo e crecente. Este libro ten como obxectivo analizar a institución da *Ombudsman* e a súa relación co Tribunal de Xustiza dunha perspectiva xurídica, a fin de identificar a súa contribución á boa administración á luz da xurisprudencia. Como debería ser caracterizada a relación entre a *Ombudsman* e o poder xudicial da UE: en termos de conflito, descoñecemento mutuo ou complementariedade? En primeiro lugar, esta obra estuda as características esenciais do poder xudicial da UE e da *Ombudsman*. A seguir, analiza as relacións recíprocas entre a *Ombudsman* e o Tribunal de Xustiza. Por último, selecciona tres áreas substantivas para identificar a contribución da *Ombudsman* a unha boa administración á luz da xurisprudencia: conflitos de intereses, transparencia proactiva e reactiva (acceso a documentos) e dereito da concorrência.